


REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 02/12/2021 9:06:03


SAIDA 18715/21

Reclamante: 


Expediente. Nº **RSCTG 168/2021**

Correo electrónico: 

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada  mediante escrito do 6 de outubro de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2021., adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 6 de outubro de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra desestimación por silencio administrativo da súa solicitude ante Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, de acceso á gravación da reunión, relación de participantes conectados durante os distintos puntos do orde do día e borrador da acta da reunión da Comisión de Coordinación de Policía Local de Galicia celebrada o 30 de xullo de 2021.

O reclamante indicaba que se convocou unha reunión ordinaria da Comisión de Coordinación de Policía Local de Galicia por medios telemáticos á que asistiu na súa calidade de representante, e na que por graves problemas de comunicación debido a cuestións técnicas, non puido seguir unha parte da mesma e as intervencións doutros participantes, senón que nin sequera os acordos acadados quedaron claros, polo que solicitou mediante escrito á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior que se lle remitise á organización sindical á que representa, a gravación da reunión, relación de participantes conectados e borrador da acta da reunión.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 15 de outubro de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A solicitude foi recibida pola Consellería con data do 19 de outubro de 2021.

Terceiro. Con data do 4 de novembro de 2021 a Consellería contesta á petición, remitindo informe sobre a reclamación no que pon de manifesto que, con data do 30 de xullo de 2021, celebrouse unha reunión por medios telemáticos da Comisión de Coordinación de Policía Locais na que participou o reclamante na súa calidade de representante dunha organización Sindical.

Con data do 2 de agosto de 2021 o interesado presentou un escrito, en calidade de vogal da dita comisión, no que solicita que se lle remita a gravación da reunión, a relación de participantes conectados e o borrador da acta da reunión.

A Comisión de Coordinación, de acordo co disposto no artigo 19.6 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, réxese no seu funcionamento no non previsto na mesma, polo disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sobre órganos colexiados (actualmente pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público).

Ao ser a Comisión de Coordinación de Policía Locais un órgano colexiado sometido á normativa reguladora destes e tendo o interesado a condición de vogal de dito órgano, a solicitude de información realizada, debe efectuarse de conformidade coa correspondente normativa específica, polo que considera que debe procederse ao arquivo da reclamación presentada.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades

autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo non resolveu a solicitude presentada con data do 2 de agosto de 2021, polo que debe admitirse a reclamación presentada con data do 6 de outubro de 2021.

Quinto.- Análise do expediente

O interesado presentou unha solicitude de acceso a unhas gravacións, á relación de participantes conectados durante os distintos puntos do orde do día e ao borrador da acta dunha reunión na que participaba na súa calidade de vogal.

A determinación do réxime xurídico aplicable á solicitude de referencia resulta indispensable a fin de garantir a seguridade xurídica e evitar calquera confusión no uso das distintas vías de acceso a información ou a documentación á información a cidadanía, a través da normativa en materia de Transparencia, ou un membro dun órgano colexiado. Ambas as vías, malia compartir un vínculo común coa cláusula de Estado democrático ex artigo 1.1 da Constitución, obedecen a lóxicas e orzamentos distintos. Por unha banda, o acceso á información por parte dun vogal dun órgano colexiado ten como finalidade a obtención da información necesaria para o exercicio das súas funcións no mesmo, que no caso da Comisión de Coordinación de

Policías Locais como establece a súa normativa, é a emisión de informe sobre proxectos de disposicións xerais en materia de policía local, sobre a homoxeneización en materia de medios técnicos, criterios de selección, formación, promoción e mobilidade dos membros das policía locais e propoñer a adopción de medidas necesarias para mellorar a prestación dos servizos policiais, a formación e o perfeccionamento do persoal, entre outros, dado o seu carácter de órgano consultivo e de participación na materia . O seu réxime de convocatorias, presencia s ou telemáticas, a forma de remitir estas e o contido da documentación necesaria para a deliberación dos seus membros, gravación de reunións e así como a forma de levantar as actas e a súa remisión aos membros do órgano colexiado, están reguladas na citada Lei 4/2007 e na sección 3ª do Capítulo II da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Por outra banda, a vía do acceso á información contemplada na Lei 19/2013 enmárcase no binomio cidadán/goberno e administración, configurándose tal vía de acceso como un dereito en virtude do cal os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións a fin de someter a escrutinio cidadán aos responsables públicos e formar e construír un coñecemento cabal e completo dos asuntos públicos que lles permita formar unha opinión e participar no xogo político a través da súa intervención nos procesos electorais. Tomando en consideración a distinta natureza de tales vías cabe advertir que ambas dispoñen dun réxime xurídico completo e acabado caracterizado pola regulación dun procedemento de exercicio do dereito de acceso –solicitude, prazos, formalización do acceso.

Por tanto, de conformidade co disposto na Disposición Adicional Primeira da Lei 19/2013, a solicitude presentada deben tramitarse, ao ter esta materia previsto un réxime xurídico específico pola súa normativa específica, e supletoriamente, no non previsto, pola normativa en materia de transparencia.

A Lei 19/2013 ten un carácter supletorio respecto daquelas materias que teñan unha regulación específica de acceso á información, como sucede no caso do acceso á información necesaria para o cumprimento das funcións dos membros dos órganos colexiados, polo que procede a inadmisión da reclamación presentada, de acordo co disposto na referida disposición adicional.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, de acceso á gravación da reunión,

relación de participantes conectados e borrador da acta da reunión da Comisión de Coordinación de Policía Locais de Galicia celebrada o 30 de xullo de 2021.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por
76706870F MARIA DOLORES
FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2021.12.01 14:19:57 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia.